

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 23 DE SETEMBRO DE 2010

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:10 horas do día 23 de setembro de 2010, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Iván Puentes Rivera, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Don José Antonio López Rodríguez, don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, dona María del Carmen Silvar Canosa, dona Amalia García Balado, don Juan Manuel Lourido González, dona Rocío Rey Sampayo, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Manuel Vicente Pico Sanmartín, don Edgar Antonio Vigo López, don Manuel Polo Gundín, don Gumersindo Pedro Galego Feal, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Juan José Franco Casal, dona María del Pilar Fornos Corral e don Manuel Sánchez Martínez.

Secretaria accidental:

Dona Sonia Corral Corral.

Interventora accidental:

Dona María Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### ORDE DO DÍA:

1º.- Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

A presidencia fai uso da palabra para expoñer a urxencia do asunto, motivada por dúas cuestións fundamentais, unha pola proximidade da data da convocatoria da folga xeral e dúas, segundo o falado cos voceiros dos distintos grupos municipais, para poder tratar outros asuntos que ían ser traídos a Pleno estes días e evitar así outra convocatoria.

A continuación procédese á votación da urxencia co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes do Pleno acórdase a urxencia do asunto.

2º.- Moción do grupo municipal do BNG en relación ao apoio á folga xeral do 29 de setembro de 2010.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que dende o seu grupo solicitaron a convocatoria deste Pleno extraordinario coa vontade de que o Pleno do Concello de Fene apoie a convocatoria de mobilización da folga xeral convocada para o vindeiro vinte e nove de setembro, por iso presentaron unha moción da que da conta:

“GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE FENE

Os concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, solicitan a convocatoria dun Pleno extraordinario antes do 29 de setembro, día da Folga Xeral, cun único punto na orde do día;

#### ÚNICO.- MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO

Manuel Polo Gundín  
Edgar Vigo López

Rita Couto Seixido  
Manuel Pico Sanmartín

Inés roca Requeijo

Xúntase o texto da moción

#### MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE SETEMBRO

A crise económica ten a súa orixe na aplicación de doutrinas políticas que construíron unha economía dominada polo capital financeiro e cada vez máis desconectada da economía produtiva e das necesidades reais dos pobos e as persoas. Así, quedaron demostrados os feitos perniciosos duns mercados financeiros desregulados, e a ineficacia dun modelo produtivo baseado no sector da construción e na actividade inmobiliaria.

A análise que propiciou as medidas que se recollen na reforma laboral parten dunha concepción errónea. Nela responsabilízase ao mercade de traballo do alto nivel e forme crecemento do desemprego. Non obstante, a dinámica de creación e destrución do emprego depende doutros factores, ligados principalmente ao dinamismo económico. Así, organizacións como a OCDE, que inicialmente defenderon a argumentación de que canta maior protección laboral, maior desemprego, no ano 2006 corrixiu as súas teses. Efectivamente, as causas do gran incremento do desemprego en Galiza radican no esgotamento dun modelo produtivo que tivo os seus principais eixos na baixa produtividade e na especialización en actividades de escaso valor engadido, cuxo exemplo máis claro é a creación dunha burbulla ao redor da actividade construtiva e inmobiliaria, cuxo estalido acentuou a intensidade do desemprego. A isto, únense outros factores, como a falta de competencias e existencia de vetos a Galiza para poder desenvolver completamente os seus sectores produtivos, como ocorre no sector naval ou o leiteiro, ou as limitacións no acceso ao crédito por parte de PEMES e autónomos.

Estas son razóns polas que a reforma laboral do goberno do PSOE non resolverá os problemas estruturais da economía galega, posto que non contempla medidas eficaces que permitan loitar contra o alto desemprego existente. a reforma laboral non vai crear emprego porque a causa da crise non radica no mercado de traballo nin na súa suposta rixidez. Constátase que o gran aumento do desemprego en épocas de crises afecta especialmente ao Estado Español, con caídas do PIB equivalentes á media da Unión Europea, destrúese máis do dobre de emprego que na eurozona. E, no caso galego, entre 2007 e 2010 dobrouse o paro, xa que se pasou de 96.700 persoas a máis de 211.000. De feito, despois de aprobada a reforma laboral, comprobamos como en Galiza o paro rexistrado creceu durante o mes de agosto en 1743 persoas, o que significa un incremento do 0.8% con respecto ao mes anterior. Este dato amosa até que punto é falso que a reforma laboral sirva para crear emprego.

Pola contra, a actual reforma, que aumenta a flexibilidade no despedimento e na aplicación do salario pactado, atrasará a saída da crise e fará recaer sobre a clase traballadora as súas consecuencias máis dramáticas, supoñendo un recorte nos dereitos dos traballadores e traballadoras.

Un dos aspectos máis desacertados da reforma é o feito de abaratar e facilitar o despedimento. E con respecto ao pago polo FOGASA dunha parte da indemnización polo despedimento, esta supón un abaratamento do custo do despedimento par parte do empresariado, xa que só asumiría parte da indemnización, polo que, a efectos prácticos, o empresario terá maiores incentivos para o despedimento de traballadores. Tamén é especialmente grave a maior apertura á iniciativa privada da intermediación laboral. É necesario mellorar a intermediación laboral e reforzar os servizos públicos de emprego.

Ante esta reforma laboral é necesaria unha forte contestación social e política, como a convocatoria de folga xeral o vindeiro 29 de setembro, que desde o Bloque Nacionalista Galego apoiamos para que se muden as políticas económicas contrarias aos intereses de traballadores e traballadoras e da sociedade das persoas a través da súa estabilidade nos empregos e o acceso a servizos públicos de calidade.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

Apoiar a convocatoria e a mobilización da folga Xeral do vindeiro 29 de setembro.

Fene, 10 de setembro de 2010”

Prosegue dicindo o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que hai moitas máis razóns de fondo que apoian a argumentación da necesidade na actualidade dunha folga xeral, pero di que estes son dabondo.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que dende o seu partido vaise votar en contra da moción, aínda que no fondo puideran compartir determinados argumentos coma o tema das medidas adoptadas, que o que si creen é que nestes momentos a folga nada ven a solucionar nin nada ven a aportar, que houbo bastante tempo, cando empezou a aumentar o paro os sindicatos deberon velar polos traballadores doutro xeito polo seu posto de traballo e agora, chegado o momento en que se producen unha serie de recortes sociais é cando se convoca unha folga xeral e dende o partido popular creen que Zapatero era merecedor dunha folga xeral moito antes disto. Prosegue aludindo a unha viñeta que saíu na prensa fai uns días que viña a dicir que Toxo e Méndez eran especialistas en servizos mínimos, cousa que comparte xa que di que foron especialistas en servizos mínimos para os traballadores, e aínda que no fondo puideran estar de acordo cos argumentos desta moción creen que neste momento non é o máis idóneo para convocar folga xeral e creen tamén que unha institución coma é o Concello, onde están representados todos os veciños, pertenzan ou non a sindicatos, apoien ou non unha folga, non se debe pronunciar sobre a convocatoria dunha folga xeral, que lexitimamente convocan os sindicatos e respecto da que eles non teñen nada que dicir ao respecto e conclúe dicindo que por todo isto van votar en contra.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende IU, coma non podía ser doutro xeito, están de acordo coa folga, que esta folga vai ser un primeiro paso xa que co tempo pensa que vai haber máis, que o seu grupo tamén ía presentar unha moción aínda que ao final non a presentaron e coinciden totalmente coas liñas xerais desta moción, que hai motivos máis que suficientes, que non serve o feito de dicir que porque non se fixo antes, xa que nesta vida ou se está de acordo coas cousas ou non, que el tamén pensa que tiña que ter sido antes, así nalgunha Comunidade do Estado español se fixo algunha e saíron bastante ben e que esta,

coma non pode ser doutro xeito, debe saír ben, e cree que hai que facer un esforzo, xa sexa un traballador, pequeno empresario, autónomo ou clases baixas teñen que estar neste momento apoiando a folga, que hai que saír á rúa e convencer ao maior número de traballadores para que a secunden, que no caso de que esta folga non teña o éxito que todos esperan hai que se preparar para o que ven detrás, pero que hai que ter claro que non é unha folga contra unha persoa determinada se non que é unha folga contra unha política económica, política que se leva practicando aquí dende hai vinte ou trinta anos, que é unha política que, en liñas xerais, os dous grandes partidos están coincidindo, que se trata dunha deriva na que xa non se respectan dereitos de ningunha clase, xa que collendo esta reforma se ve ata onde se chega, pois xa nin se respectan convenios colectivos, nin se respecta nada, que semella que isto é a lei da selva, que os empresarios teñen aos traballadores contra a parede, que por isto van apoiar esta moción e logo xa se verá o que ocorre.

A continuación intervén o alcalde para dicir que dende o partido socialista teñen o firme convencemento de que o actual goberno do partido socialista e concretamente os gobernos que presidiu Jose Luís Rodríguez Zapatero foron dos gobernos que máis fixeron e avanzaron en políticas a prol dos traballadores e traballadoras deste país. En segundo lugar di que esta folga xeral se convoca, coma dicía o voceiro de IU non en contra dunha persoa ou dun goberno concreto, se non en contra dun modelo económico neoliberal e dunha serie de políticas que non só se están facendo unicamente en España, se non que é unha corrente que ven con preocupación a nivel europeo e mundial, polo que se pode dicir que eles ven máis axeitado poder convocar unha folga xeral a nivel europeo, coma se leva apuntado tamén en varias ocasións e en terceiro lugar di que o que se fai tamén é, neste caso, falar coma apuntan as organizacións sindicais de dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores aos que afecta esta reforma laboral e que o partido socialista de Fene, coma fixo noutras ocasións e sendo tradicional pola súa parte neste Pleno o que fai é escoitar moi de cerca o que as organizacións sindicais teñen que dicir á hora de abordar o futuro do Concello e do país, polo que o partido socialista o que decidiu é dar liberdade de voto as súas concelleiras e concelleiros e polo tanto, cada un deles expresará o seu voto no momento da votación.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que Fene é un Concello con mil trescentos desempregados e desempregadas, onde o sesenta por cento da xuventude non ten traballo, onde hai un estaleiro que é unha potencia a nivel europeo parado e vetado por decisións políticas, que é un Concello onde a súa clase obreira sufriu e pareceu as máis graves reconversións e os máis graves ataques dos que se poden imaxinar, cando menos iguais que as dos mineiros da conca mineira asturiana leonesa ou tan grandes coma os de outros sectores importantes do Estado e que lle sorprende o feito de escoitar, dende o partido popular, que diga que se está de acordo coa folga pero que evidentemente non se apoia e se fala da clase traballadora coma se o partido popular non pertencera a ela, aínda que di que o electorado do partido popular é clase traballadora, así como os pensionistas e xente normal e corrente que se ven afectados polas decisións políticas dun modelo que é inxusto e que se está a cebar, cada día máis, con subidas impositivas indirectas para todo o mundo coma foi a subida do IVE, xa que non se está a falar só da reforma laboral, se non que tamén da reforma das pensións, o retraso da idade de xubilación, a redución das percepcións económicas do funcionariado, que o sr. Rajoy tardou en dicir que o sr. Zapatero perdera dous anos, que tardou dous anos en tomar as mesmas medidas coas que el estaba de acordo, que se está nunha situación onde o partido popular e o partido socialista estaban de acordo en salvar á banca con miles de millóns de euros, de entrada foron trinta e nove mil millóns podendo chegar ata cento corenta e nove mil millóns e incluso cento dez mil financiados con débeda pública, que ao mesmo tempo arrastra á economía do Estado e que leva consigo ese axuste antisocial e se sobrecarga aos sectores de xubilados, pensionistas e as clases traballadoras, cunha reforma laboral na que se subvenciona o desemprego en vez de financiar a creación de

emprego, que é a que se fai coa medida de, primeiro, recortar os prazos das indemnizacións e logo financiando, dende o fondo de garantía social eses recortes, que esta postura do partido popular é asombrosa para el, que di que está de acordo co fondo pero vai votar en contra, e respecto da posición do partido socialista di que é máis sorprendente aínda, o de dar liberdade de voto nun tema sobre decisións do propio partido socialista, que dende o BNG non entenden coma se pode tomar unha aptitude de liberdade do voto, que poden compartir que se sexa xeneroso porque se xera contradicións dentro do propio partido socialista pero o partido debería tomar medidas a nivel da propia organización política, xa que non pode ser que se defenda un día plans de reactivación económica introducindo cartos nas administracións e outro día se teña que recortar todo o financiamento dos concellos, o que fai que a súa política sexa de péndulo, errática, e é o que vai agravar a economía dos concellos, da clase traballadora, dos pensionistas e dos xubilados, que se pactou unha subida salarial cos funcionarios e seis meses despois se pacta unha redución dos salarios, que a política económica do partido socialista non ten pé nin cabeza, que non obedece a unha política do partido socialista se non que é o ditado dos mercados internacionais, da Unión Europea e dos propios Estados Unidos de América que son os que defenden ese modelo. Que centrándose na propia reforma laboral di que se trata dunha falacia dicir que flexibilizar o desemprego vai facilitar a creación de emprego, que en Estados Unidos, que é un país de barra libre por excelencia, fai dez anos había unha taxa de desemprego inferior á da Unión Europea e inferior á xaponesa, e tendo un modelo de barra libre e unhas estatísticas que hai que collelas de puntillas, xa que non contabilizan todo o que hai, xa que a poboación non está nin contada o que provoca que non se saiba o desemprego que hai, que as cifras revelan que a taxa de paro se duplicou e xa está por riba da taxa da Unión Europea, onde os niveis de protección son algo superiores aos norteamericanos, o que demostra que a flexibilidade no emprego e no desemprego non é o elemento fundamental para a creación de emprego, que para isto hai que facilitar por un lado un espazo e un modelo de crecemento económico que permita o desenvolvemento das posibilidades de cada territorio e sinala coma exemplo máis claro está o estaleiro que hai aquí en Perlio, que se Astano fixera barcos e non tivera un veto político, podería haber traballo, así é imposible que haxa traballo e é o exemplo máis claro de que a imposibilidade política e as decisións políticas fan que unha comarca e un concello coma o de Fene non teña posibilidades de saír adiante, porque non existe unha concepción, nin un deseño, nin unha planificación económica industrial que permita un desenvolvemento alternativo e que nun momento de crise coma o actual o único que se xera é unha taxa de paro en torno a un vinte e cinco por cento, máis emigración e máis perda de poboación, que é a situación na que se está en Fene.

Prosegue dicindo o voceiro do grupo municipal do BNG, que agradece que tamén haxa sensatez por parte dos concelleiros do grupo socialista e que voten a favor desta moción, xa que a situación por algún lado ten que cambiar e que se o partido socialista nas súas bases ten xente que pensa que este modelo económico non é o válido ou funcional, entende que dende as bases se pode comezar, dende unha organización política significativa do Estado, a cambiar algo este modelo que ao noso concello e ao país só lle trouxo desemprego, recortes e retroceso a nivel social.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Galego Feal quen, unha vez concedido di que dentro dos dez millóns de votantes que ten o partido popular hai moitísimos traballadores e loxicamente o partido popular non vai en contra dos traballadores, que el se referiu a que o dereito á folga é un dereito individual e así se establece na Constitución e os traballadores organizados nas súas organizacións sindicais acordan convocar a folga, que se pode ou non estar de acordo cos seus argumentos pero o partido popular non está de acordo con eses argumentos, que se no fondo se estaba a dicir que unhas políticas erráticas deron lugar a esta situación para eles lles é totalmente indiferente, que non ten porque ser converxente coa visión do BNG respecto disto e eles

pensan que si de verdade se loitase en serio contra o desemprego, ao mellor hoxe en día non se estaba nesta situación, xa que con tal de que dous millóns de parados volvan cotizar as arcas da seguridade social se aliviaría o desemprego e a seguridade social non entraría en risco de quebra ou de perigar as pensións para os anos vindeiros, e o está a dicir alguén que se vai xubilarse aos sesenta e nove anos, polo que di que non está de acordo coa xubilación aos sesenta e nove ou sesenta e sete anos pero que están de acordo en que hai determinadas xubilacións ou determinados traballos que si poden alargar a vida laboral, si persoalmente así o deciden, e determinados traballos que aos sesenta e sete anos, coma agora se pretende, non se fai nada neles, que pensa que está claro. Que eles defenden que o primeiro é loitar contra o paro, e iso o partido popular sabe facelo, de feito xa o fixo, cando chegou ao goberno o partido popular se estaba neste nivel de paro e as cousas se solucionaron pouco a pouco; que tamén falamos aquí que o que se está a facer con estas medidas é recuperar quince mil millóns de euros que se tiraron en beiravías e parques por aí adiante e que quizais se non se houbera feito todo isto e se non se tivera feito unha política totalmente errónea non era o Estado quen tiña que crear emprego, tiña que garantir as circunstancias para crear emprego e garantir os dereitos dos traballadores e non facer de empresario coma quixo facer o sr. Zapatero, e agora aí esta á débeda que temos que devolver e o van pagar os traballadores, funcionarios e pensionistas deste país, que non teñen claro que a folga, agora, vaia solucionar nada disto e que respecto da reforma laboral, que tiña que ser unha reforma onde se modernizara un pouco o que é a estrutura deste país, e non se fixo así, xa que non se tocou o tema da formación profesional ou da negociación colectiva, que o que se fixo foi darlle a un xuíz a capacidade de que interprete os resultados negativos dunha empresa para que se poida despedir á xente e iso di que non é unha reforma laboral, que o único que é, é un foco de conflitos e o que vai xerar é a xudicialización da vida laboral. Por todo isto reitera o dito antes, que pensan que non é o apropiado e que non o van apoiar.

De seguido pide o uso da palabra o voceiro do grupo mixto municipal, Manuel Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que está moi ben o feito de dicir que se vai crear emprego, pero pregunta como, xa que privatizando as empresas públicas coma fixo o PP e logo continuou o PSOE pensa que é moi difícil a creación de emprego, moitos dos que están aquí estaban en empresas con vinte e cinco mil traballadores e hoxe en día teñen catro ou cinco polo que pensa que hai que ser un pouco serios, que si se di que se está en contra da folga hai que saír a dar á cara, que non é posible crear emprego si se quere que os traballadores traballen ata os oitenta anos e se aumenten as horas traballadas, que pide que cada quen defenda o que queira pero que se teña a valentía de o dicir. Di que el coma prexubilado, coma sindicalista que foi e coma cidadán está preocupado pola situación das clases máis necesitadas deste país, pola situación dos xovenes que veñen atrás deles. Que todo isto se pode ler en escritos de moitos economistas, que se está nunha situación que é desastrosa, que se non se cambia esta política non é que vaia haber o desemprego que hai hoxe se non que dentro de cinco ou oito anos haberá moito máis, que xa no pasado cando sucederon situacións coma esta se veu que o Estado tiña que actuar coma trampolín para crear máis emprego, pero aquí non, se actúa ao contrario, di que hai que reducir o déficit e, o que é máis grave, se baixan impostos aos ricos e os pobres pagan máis, que nesta folga deben estar aí todos os que pensen que teñen que cumprir co seu deber para que esta folga saia ben, xa que caso contrario hai que se preparar, xa que as políticas e as reformas que se fan neste país son para o cinco por cento da poboación e di que coincide co dito polo voceiro do BNG de que os datos de Estados Unidos son falsos, xa que alí todos os que non están apuntados na busca de emprego non contan. Que aquí é a onde nos leva estas políticas desastrosas para o pobo, xa que como se vai dicir que con esta reforma se vai crear emprego si España xa tiña a maior flexibilidade do despido de Europa, que coma sindicalista sabe que o despedir a un traballador en España sempre foi barato, que os traballadores de grandes empresas, debido ao movemento sindical tiveron sempre algunha vantaxe a maiores, pero con esta reforma o despido sae regalado e ademais agora cos cartos dos traballadores se van

indemnizar aos traballadores que se despidan. Di que se levan máis de corenta anos coa historia de que a seguridade social vai quebrar, que se fixeron moitos estudos, e economistas coma Vicent Navarro demostraron que é falso, xa que as previsións que se fan a vinte anos que non entran na cabeza de ningún economista, logo de ver os despropósitos que se levan facendo coa seguridade social, coma o de asumir a regulación de emprego de grandes empresas que daban beneficios dabondo coma para non asumir eses cartos, polo que conclúe que a folga está máis que xustificada.

A continuación pide o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín quen, unha vez concedido di que quere contestar ao dito polo voceiro do grupo popular respecto das medidas do seu partido, xa que concretamente a Xunta de Galicia, respecto de Fene, non concedeu cursos de formación profesional, reducíronse o plans de cooperación en materia de persoal e por outro lado privatizaron o control da formación ocupacional, descargaron ao persoal da propia Xunta de Galicia por unha empresa privada, e pensa que aí non se aforran cartos nin se controla absolutamente nada, que se crea emprego para algúns amigos pero o que é para o control e xestión pública reduciu e privatizou, que esas son as características do partido popular, e no caso de Fene, concretamente, non hai nada disto, e aí podemos e debemos coincidir en que Fene sempre tivo gran capacidade formativa e rentabilizou esa capacidade en beneficio dos desempregados e da propia comunidade en obras e actuacións que se fixeron no propio concello. Por outro lado destaca que os fondos non son cuestión dos sindicatos nin dos traballadores e traballadoras das empresas grandes, son cuestión da sociedade en xeral xa que excepto unha parte moi pequeniña da pirámide todas as persoas dependemos dunha nómina, dun autónomo, dun traballo ou dunha pensión, e todas estas medidas están atacando a reforma laboral con todos eses recortes que se prevén a nivel de pensións e a nivel do “Estado do Benestar” que redundan en contra das economías domésticas, da xente normal, polo que eles din que é cuestión deste Pleno, como representantes dos veciños, actuar e ter un posicionamento claro e público, máis nun Concello onde o esplendor económico non é tal, xa que se está nunha situación de claro retroceso demográfico, económico, de desemprego, etc. polo que pensa que en Fene está moito máis xustificado que en moitos outros sitios. Que o BNG ademais de criticar o modelo actual tamén din que hai medidas a curto prazo que se poden facer, hai trinta e moitos miles de millóns de cartos negros ao ano no conxunto do Estado, que estes días saía a nova nos xornais de que só a nivel de aluguer de pisos había moitos cartos no mercado negro, que tamén hai alternativas coma o incremento do IRPF as rendas máis altas, medidas que se poden facer que non vaian en contra da xente coma incrementos impositivos as rendas do patrimonio e a empresas que superen unha cantidade elevada de beneficios, que se poden establecer impostos aos beneficios e as transaccións económicas das grandes entidades financeiras, se pode facer cos deportistas de alto nivel estranxeiros que pagan pouco máis ca el na declaración gañando centos de veces máis, que son empresas en si mesmos, que se poden tomar medidas coma reducir os gastos militares en suntuosos acompañamentos en Irak, Afganistan e outros sitios onde o Estado está a gastar tres mil seiscentos noventa millóns ao ano, e di que así podería seguir cun longo etcétera, que hai moitísimas medidas que non irían contra a maioría social que enriquecerían a caixa para logo podela redistribuír, e iso é algo que non se está a facer, falando a nivel de política xeral. Di que para o BNG sería unha satisfacción que o Pleno de Fene se manifestase a favor da folga, pola súa procedencia e pola súa orixe, xa que todos os que estamos aquí somos clase traballadora e coma tal cree que deben defender os seus dereitos.

Rematado o debate, a Presidencia somete a votación ordinaria da moción do grupo municipal do BNG en relación ao apoio á folga xeral do 29 de setembro de 2010 de data 10 de setembro de 2010, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), (dos sres/as, García Balado, Lourido González, Rodríguez Carballeira, Polo Gundín, Couto Seijido, Roca Requeijo, Vigo López, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Catro (6), (dos sres/as. López Rodríguez, Silvar Canosa, Galego Feal, Bértoa Puente, Fornos Corral e Franco Casal).

Abstencións: Catro (2). (dos sres/as. Puentes Rivera e Rey Sampayo).

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**Apoiar a convocatoria e a mobilización da folga Xeral do vindeiro 29 de setembro.**

3º.- Acordo relativo ao PCC 2009-2011.

Logo de ver o ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 23 de setembro de 2010.

Logo de ver os informes do enxeñeiro de camiños municipal de data 17 e 22 de setembro de 2010.

Logo de ver o informe xurídico do secretario de data 20 de setembro de 2010 e da secretaria accidental de data 23 de setembro de 2010.

Logo de ver a proposta do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Territorial de 23 de setembro de 2010, que transcrita literalmente di:

**“PROPOSTA Ó PLENO DO CONCELLO**

Logo de ver o expediente tramitado, no que constan os informes dos servizos técnicos municipais do 17 de setembro de 2010 e o informe xurídico da Secretaría de 20 de setembro de 2010 sobre o proxecto Renovación das redes de abastecemento da auga da Rúa Alta e A Torre.

Logo de ver que o Pleno do Concello en sesión extraordinaria urxente do 30 de setembro de 2010 adoptou o acordo consistente na participación no PCP 2010 coa obra definida “Proxecto de renovación da rede de distribución na Avenida Porta do Sol”, Consultor: Proyfe, S.L. Autor: Enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez.

Logo de ver o requerimento de emenda de documentación realizado pola Deputación Provincial da Coruña, proponse ó Pleno do Concello que se adopte a seguinte emenda ó ditame da Comisión informativa:

1º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
--------------	-----------------	------------------	-------------------



Renovación das redes de abastecemento da auga da Rúa Alta e A Torre	308.018,94	45.419,74	262.599,20
Renovación da Rede de distribución na Avda. Porta do Sol	189.367,13	28.405,07	160.962,06
<b>T O T A L</b>	<b>497.386,07</b>	<b>73.824,81</b>	<b>423.561,26</b>

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

Fene 23 de setembro de 2010  
O concelleiro delegado  
José Antonio López Rodríguez”

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**1º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:**

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>ACHEGA MUNICIPAL</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL</b>
<b>Renovación das redes de abastecemento da auga da Rúa Alta e A Torre</b>	<b>308.018,94</b>	<b>45.419,74</b>	<b>262.599,20</b>
<b>Renovación da Rede de distribución na Avda. Porta do Sol</b>	<b>189.367,13</b>	<b>28.405,07</b>	<b>160.962,06</b>
<b>T O T A L</b>	<b>497.386,07</b>	<b>73.824,81</b>	<b>423.561,26</b>

**Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.**

**2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.**

**3º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.**

**4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**5º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.**

**6º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.**

4º.- Desafectación parcial 3/2010 do préstamo concertado co Banco de Crédito Local.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de setembro de 2010 que transcrito literalmente di:

“Primeiro.- Aproba-la modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:

- Novas inversións a dotar:

Nº Proxecto/Aplic. Orz.	Denominación	Importe (€)
165/63300	RENOV INSTALACI A.P. CARRETERA DEL CAMPANARIO	1.407,97 €
165/63302	RENOV INSTALAC A.P. CARRETERA DEL PEIRAO DE MANIÑOS	1.372,65 €
171/60900	PARQUE INFANTIL DEL ENTORNO VERDE DE LA CALLE MUIÑOS	1.363,19 €
	TOTAL-----	4.143,81

- Inversións substituídas polas anteriores:

Denominación	Importe (€)
Transferencia concello de Ares	4.143,81
TOTAL-----	4.143,81

Segundo.- Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.”

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**Primeiro.- Aproba-la modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:**

- **Novas inversións a dotar:**

Nº Proxecto/Aplic. Orz.	Denominación	Importe (€)
165/63300	RENOV INSTALACI A.P. CARRETERA DEL CAMPANARIO	1.407,97 €
165/63302	RENOV INSTALAC A.P. CARRETERA DEL PEIRAO DE MANIÑOS	1.372,65 €
171/60900	PARQUE INFANTIL DEL ENTORNO VERDE DE LA CALLE MUIÑOS	1.363,19 €
	<b>TOTAL-----</b>	<b>4.143,81</b>

- Inversións substituídas polas anteriores:

Denominación	Importe (€)
Transferencia concello de Ares	4.143,81
<b>TOTAL-----</b>	<b>4.143,81</b>

**Segundo.- Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.**

5º.- Expediente de suplemento de crédito 5/2010.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de setembro de 2010 que transcrito literalmente di:

“1º.- Aproba-lo expediente nº 5/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 4.143,81 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
165/63300	Alumeado público. Inversión. Renov. Instal. Alum. Pub. Carretera Campanario	102.174,00	1.407,97	103.581,97
165/63202	Alumeado público. Inversión. Renov. Instal. Alum. Pub. Peirao Maniños	84.323,64	1.372,65	85.696,29
171/60900	Parques e xardíns. Parque infantil R/Muiños	86.927,52	1.363,19	88.290,71

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 4.143,81 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	MODIFICACIONES ANTERIORES	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	106.611,61	4.143,81	288.244,58

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €, expediente nº 3/2010.

2º.- Financia-lo expediente nº 5/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 4.143,81 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**1º.- Aproba-lo expediente nº 5/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 4.143,81 € conforme ó seguinte detalle:**

**-Aplicacións orzamentarias suplementadas:**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
165/63300	Alumeado público. Inversión. Renov. Instal. Alum. Pub. Carretera Campanario	102.174,00	1.407,97	103.581,97
165/63202	Alumeado público. Inversión. Renov. Instal. Alum. Pub. Peirao Maniños	84.323,64	1.372,65	85.696,29
171/60900	Parques e xardíns. Parque infantil R/Muiños	86.927,52	1.363,19	88.290,71

**-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 4.143,81 euros procedentes das seguintes partidas:**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	MODIFICACIONES ANTERIORES	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	106.611,61	4.143,81	288.244,58

**En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €, expediente nº 3/2010.**

**2º.- Financia-lo expediente nº 5/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 4.143,81 euros.**

**3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.**

**4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.**

Logo de rematar os asuntos da orde do día o alcalde expón que hai que incluír o asunto dos festivos locais, segundo o falado cos grupos municipais, xa que o acordo ten que estar remitido á Xunta de Galicia antes do día trinta de setembro deste ano, que no caso de que os festivos locais non variasen se manterían os do ano anterior agás que o Pleno adopte un compromiso diferente e o problema que ten Fene é que o mércores de cinza varía todos os anos polo que cómpre adoptar o compromiso plenario.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 23 de setembro de 2010, que transcrita literalmente di:

## “PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

De acordo co establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo os concellos deben determinar os dous días de cada ano natural que terán a consideración de festas locais.

Logo de ver o escrito da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia con rexistro de entrada neste Concello 8712 de data 26 de xullo de 2010 polo que se comunica o calendario laboral para o ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 122, do 29 de xuño de 2010) e se solicita aos concellos a remisión do acordo que recolla as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2011 antes do día **30 de setembro de 2010**, coa advertencia de que, no caso de non achegarlle o acordo, se entenderá que se opta polas datas fixadas para o ano 2010 ou para o último exercicio do que se teña constancia da proposta.

É polo que se propón ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

Primeiro. Declarar coma festivos locais as seguintes datas:

9 de marzo de 2011	Mércores de cinza
6 de agosto de 2011	San Salvador

Segundo. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia sito na rúa Fernando Macías, 18, 1º, 15071- A Coruña.

Fene 23 de setembro de 2010  
O alcalde  
Iván Puentes Rivera”

De seguido manifesta que esta proposta, que xa coñecen todos os grupos municipais, inclúe coma festivo o día seis de agosto, día de San Salvador, patrón municipal e o día nove de marzo, que sería o mércores de cinza que é o outro festivo tradicional no concello. Prosegue dicindo que o seis de agosto coincide en sábado, pero seguindo os criterios da propia Xunta de Galicia e do goberno do Estado, só se trasladarían aqueles festivos que recaeran en domingo. Di que a urxencia polo tanto está motivada polo remate do prazo de presentación do acordo, para non ter que convocar así outra sesión extraordinaria.

A continuación procédese á votación da urxencia co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes do Pleno acórdase a urxencia do asunto.

Non habendo debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**Primeiro. Declarar coma festivos locais as seguintes datas:**

<b>9 de marzo de 2011</b>	<b>Mércores de cinza</b>
<b>6 de agosto de 2011</b>	<b>San Salvador</b>

**Segundo. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia sito na rúa Fernando Macías, 18, 1º, 15071- A Coruña.**

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión 18:48 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e prace,  
O alcalde-presidente

A secretaria accidental,

Iván Puentes Rivera

Sonia Corral Corral